



LOS PILOTOS

Los Pilotos chegan a Santiago en pleno lanzamento de 'Alianza Atlántica', pero para esta ocasión especial ofrecerán un espectáculo moi poucas veces visto, a sonorización en directo das imaxes do director xaponés Miyazaki. Trátase dunha banda sonora composta *ad hoc* e feita de retais de músicas de Morricone, Nino Rota ou John Goldsmith, entre outros, para poñer música a un colaxe de imaxes de películas de Hayao Miyazaki, un dos grandes cineastas de animación de todos os tempos, grazas a auténticos hits do xénero como El viaje de Chihiro, Mi vecino Totoro ou La princesa Mononoke, entre outras. Trátase dunha ocasión única de poder gozar deste directo, por primeira vez en Galicia.

Polo seu traballo en Los Planetas, Banin e Floren son chamados a forza aérea do grupo, polos arranxos expansivos e flotantes que fan con teclados e guitarra respectivamente. Nos seus dous primeiros discos instrumentais, 'Los Pilotos' e 'El regreso de Logan' construíron paisaxes hipervisuais, mediante a combinación de texturas electrónicas e orgánicas na súa música. En 2018 Los Pilotos van a por máis e no seu novo traballo a viaxe metafórica vólvese un pouco máis literal, xa que ten sido concibido a partir das súas experiencias e intercambios en América Latina. A través das súas múltiples exploracións transatlánticas, Floren e Banin teñen coñecido a artistas que lles mostraron unha escena musical moi viva, pola que senten admiración e así o queren reivindicar neste proxecto. Como resultado, un voo do que nunca quereremos aterrizar.

ARIES

Aries chega ao Auditorio de Galicia para deleitarnos doutra volta con *Adieu or Die*, Un disco valente, composto e interpretado íntegramente por ela, en castelán e que non esquiva certa experimentación. Unha pequena obra mestra de artesanía pop que entrelaza tradicións musicais clásicas e modernas con unha soltura e un frescor difíciles de encontrar.

Adieu or Die pódese entender como unha viaxe interior na que "una persona se desintegra, mientras el mundo se desintegra a su alrededor", en palabras da mesma Isabel Fernández Reviriego. Unha patada aos problemas diarios que toma como punto de impulso aquelas cousas que aínda nos fan pelexar. Por iso este é un disco alegre, que aínda que transpire melancolía non se afunde na tristeza impostada. Unha excursión electrónica única.

PRESUMIDO

A banda revelación do 2017 é unha ponte entre a música electrónica do pasado e a do presente. Un proxecto de Synth Pop 2.0 formado por Tarci Ávila e Nacho Dafonte, cuxa proposta é chegar a eses territorios musicais nos que o pop en castelán na súa versión máis electrónica xamais se ten metido. Por que Synthpop 2.0? Moi doado: Presumido collen o estilo dos clásicos do xénero como Depeche mode ou Kraftwerk e empápano coas referencias máis contemporáneas como M83, Moderat, Daft Punk, e os artistas electrónicos máis irreverentes como Bjork, Apparat, Aphex Twin, Telefon TelAviv... Atopando un estilo propio que poderíamos definir como uns Depeche Mode en castelán pasados de rosca.

Ademais da proposta musical ofrecen un espectáculo de luces e proxeccións que elaboraron de forma artesanal e que convierten o seu directo nunha experiencia audiovisual única.



BFLECHA

O seu nome artístico significa mirar cara adiante, camiño do futuro, de cara ao positivo, na busca do coñecemento; o seu último disco é unha mestura de dous conceptos tan variopintos como Qualia y Kwale, referida "a las cualidades subjetivas de las experiencias individuales". Belén Vidal é B-Flecha, unha produtora e DJ que encerra un encontro constante de conexións infinitas que converxen na electrónica. *Kwalia*, o seu segundo traballo de estudio despois de *Beta*, invita ao que se achega a el a unha viaxe interior e íntima, onde un pode adentrarse en si mesmo a través da música.